

PARA REFLEXIONAR

1. Que é un refrán?
2. Que xeración ten un maior coñecemento dos refráns: a túa, a de teus pais ou a de teus avós? Por que pensas que ocorre isto?
3. Que temas tratan os refráns meteorolóxicos?
4. Por que pensas que se crearon e se transmitiron?
5. En que tipo de sociedade se produciron?
6. Pensas que son útiles na actualidade? Por que?
7. Consideras que se deben transmitir e conservar? Por que?
8. De que maneira ou maneiras se poderían clasificar os refráns recollidos?

OS REFRÁNS METEOROLÓXICOS

	Refrán	Significado
001	Ata o corenta de maio non quites o saio. Ata o corenta de maio aínda a vella queima o tallo.	
002	Que chova en abril e maio, aínda que non chova en todo o ano.	
003	Se en marzo maiea, en maio marcea. Cando marzo maiola, maio marcea.	
004	Marzo marzal, pola mañá cara de rosa e pola tarde cara de can.	
005	Auga de san Xoán, tolle o viño e non dá pan.	
006	A chuvia do setembro, ou leva as pontes ou seca as fontes. // En setembro secan as fontes e arden os montes.	
007	Lúa nova treboada, trinta días é mollada	
008	Brétema na ría, sol ao mediodía.	
009	Rubias á Franqueira, vellas á borralleira; rubias ao mar, vellas ao sollar.	
010	A horta de san Martiño, mantén o dono e o veciño.	

011	Se chove e fai vento, pecha a porta e queda dentro.	
012	Abril frío, moito pan e pouco viño.	
013	Auga de maio, pan para todo o ano.	
014	Se corren as nubes para Lugo, auga no puño; se para Ourense, sol que nos quenta.	
015	Gaivotas á terra, mariñeiros á merda.	
016	Maio chuvioso, verán caloroso.	
017	Abrígate por febreiro con dúas capas e un sombreiro.	
018	Cando a Candeloria chora, o inverno vai fóra; cando a Candeloria ri, o inverno está por vir.	
019	Tronando en abril, de dez grans nacen mil	
020	Se chove na Ascensión, corenta días de chuvia son.	
021	Carnavais mollados, Pascuas secas	
022	As tormentas da Ascensión, soadas son.	
023	Xullo caloreiro, enche a adega e o graneiro.	
024	Ano de neves, ano de bens, pero que non sexan tantas as neves que tollan os bens.	
025	Carnavais enxutos, Pascuas molladas.	

026	Setembro moi mollado, moito mosto pero augado.	
027	Febreiro ten vinte e oito; se dura máis catro, non queda can nin gato.	
028	Xaneiro claro e xeadeiro, ten as chaves do celeiro.	
029	Abril augas mil, e todas nun barril.	
030	Mes de maio, días de amargura; aínda é de día, como xa tan pronto é noite escura.	
031	Bos amigos e bos abriles, un entre miles.	
032	O cuco, non é mito, tráeo san Benito.	
033	Sae marzo e entra abril, nubes a chorar e campos a rir.	
034	Cando marzo vai mediar, o inverno ha de acabar.	
035	Lúa nova con tronada, trinta días de mollada	